



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO ESTUDO “A PEGADA DA EMIGRACIÓN GALEGA NA LITERATURA”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Presidente do Consello da Cultura Galega, DECLARA:

Que este Consello da Cultura Galega ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 11 de abril ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega para a elaboración dun estudo sobre a emigración e a literatura galega, no que se investiguen as relacións dos procesos de creación e edición literaria cun dos principais procesos da Galicia contemporánea: a emigración galega, así como a produción literaria xurdida nas colectividades galegas no exterior

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, como entidade de Dereito Público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, constituíndo un dos principais referentes no labor de investigación sobre a emigración galega.

O Consello da Cultura Galega é unha institución estatutaria, creada ao abeiro do disposto no artigo 32 do Estatuto de Autonomía, mediante Lei 8/1983 do 8 de xullo. Cun carácter de órgano asesor e consultivo, con capacidade de iniciativa, investigación e organización, ao Consello da Cultura Galega compételle a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

Entre os obxectivos do Consello da Cultura Galega figura analizar as cuestións referidas ao patrimonio cultural e o fomento e preservación da cultura galega no exterior. Con esta finalidade creouse no seo do Consello da Cultura o Arquivo da Emigración Galega, coa finalidade de recuperar a memoria da emigración como un aspecto determinante no devir da Galicia contemporánea, así como recompilar a documentación sobre a emigración galega

A emigración non foi só un movemento de poboación e a influencia das colectividades galegas no exterior estendeuse a todos os eidos, tamén o cultural. Por este motivo, un fenómeno desta relevancia deixou a súa pegada en moitos ámbitos, tamén no mundo da creación literaria, ben a producida na propia Galicia, ben a xerada na emigración. Por outra parte, a emigración foi tamén un importante soporte para empresas literarias radicadas en Galicia, que sen a axuda material da emigración non poderían acadar os seus obxectivos.

Así, conscientes da importancia das achegas culturais da emigración para a historia da Galicia contemporánea, a Universidade de Santiago de Compostela e o Consello da Cultura Galega teñen previsto desenvolver un estudo sobre «A pegada da emigración galega na literatura», que terá como obxectivos: elaborar unha base de datos de obras literarias onde a emigración galega sexa a temática principal e, por outra parte, un achegamento á produción literaria dos emigrantes galegos nos países de destino.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 11 de abril de 2016